

MAPA TOPOGRÁFICO



MATERIAL NECESARIO

Papel milimetrado, lapis, rotulador negro, tesoiras, regra.

OBXETIVO

Confeccionar un perfil topográfico a partir do mapa dado.

FUNDAMENTO

O mapa topográfico é unha ferramenta que permite representar o relevo dunha zona. Coa información que contén podemos planificar calquera actividade que pensemos levar a cabo nesa zona: distancias que se van a percorrer, dificultade do itinerario a seguir, etc. O perfil topográfico representa a silueta vertical entre dous puntos do mapa.

MÉTODO

1. Recortamos unha tira de papel milimetrado.
2. Colocamos o bordo da tira de papel milimetrado seguindo a liña marcada entre os dous puntos marcados no mapa topográfico.
2. Marcamos no papel os puntos nos que as curvas de nivel cortan á liña, anotando as cotas de cada unha delas.
3. Debuxamos uns eixes de coordenadas no papel milimetrado trasladando ao de abscisas as interseccións anotadas na tira de papel coas cotas correspondentes.
4. Situamos as altitudes nas ordenadas empezando pola cota máis baixa. Sobre ela colocamos as demais a altura que lle corresponda segundo a escala.
5. Levantamos verticalmente cada punto de intersección ata a cota que lle corresponde.
6. Unimos os puntos obtidos e xa teremos o PERFIL.



ACTIVIDADES

1. Calcula a escala deste mapa tendo en conta que a distancia real en liña recta dende a cota de "As Costoias" ata "Castro" na Parroquia de Sísamo é de 0,86 km.

2. Cales son as cotas máis alta e máis baixa do mapa? Cal é a equidistancia)

3. Rodea cun círculo a localización do noso colexio no mapa.

4. Calcula a distancia en liña recta dende o noso colexio ata o IES Parga Pondal.

5. Traza o perfil topográfico entre os puntos A e B marcados no mapa empregando un papel milimetrado.